

Garantir dereitos e recursos públicos para persoas

En Galicia as persoas en situación de dependencia, terán que agardar máis dun ano para acceder a un recurso, máis do dobre do máximo legal que di 6 meses.



- ASGADeD
- BNG
- CCOO
- CIG
- Compostela Aberta
- COPG (Colexio Oficial de Psicoloxía)
- COTOGA (Colexio Oficial de Terapia Ocupacional)
- COTSG (Colexio Oficial de Traballo Social)
- CUT
- Esquerda Unida
- Ferrol en Común
- MODEPEN
- Sindicato Labrego Galego
- PODEMOS
- PSOE
- Movemento Sumar Galicia



A DEPENDENCIA E OS COIDADOS NON PODEN AGARDAR

A Plataforma Emerxencia-Dependencia agrupa organizacións que loitan :

- Un **sistema público galego** de atención á dependencia, forte e coordinado co sistema sanitario.
- Persoas en situación de dependencia atendidas con **calidade, dignidade e equidade**.
- **Melloras nas condicións de traballo** das/dos profesionais.

emerxenciadependencia@gmail.com

QUE PROBLEMAS DETECTAMOS?

- Os **servizos sociais públicos** deben garantir igualdade no acceso ás prestacións, pero na Galiza a atención á dependencia deixa moito que desexar en canto a axilidade, universalidade e equidade.
- Existen **longas listas de espera** e persoas que falecen sen chegar a recibir a prestación que teñen recoñecida.
- A unión do procedemento de dependencia coa discapacidade eliminou o **informe social**, converténdoo nun trámite ou acto administrativo, o que supón un **ataque aos dereitos da cidadanía**.
- A **media de espera en Galiza é de máis dun ano**, cando o prazo legal son 6 meses.
- Case **2.000 persoas agardan** por prestacións recoñecidas.
- Máis de 7.000 persoas faleceron dende 2017 agardando o recoñecemento da dependencia.

QUE RECLAMAMOS?:

- Revogación das modificacións recentes á Lei 13/2008 de servizos sociais.
- Creación dunha estrutura pública galega de atención á dependencia: residencias públicas, centros de día e SAF.
- Dotación inmediata de persoal para valoracións, que deben realizarse no domicilio.
- Incremento do orzamento e creación de prazas públicas suficientes.
- Convocatoria urxente do Consello Galego de Benestar Social e recuperación das súas competencias.
- Chamamento ás organizacións políticas para asumir estas reivindicacións.



Escanea o código QR
para acceder ao
manifiesto completo.